



BANDO

MEDIDAS URGENTES PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

Por medio do presente e resultando que estamos en época de perigo alto de incendios, ponse en xeral coñecemento dos/as veciños/as **propietarios/as ou arrendatarios/as de terreos**, ao abeiro do establecido pola *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* e do *Decreto 105/2006, de 22 de junio, por el que se regulan medidas relativas a la prevención de incendios forestales, a la protección de los asentamientos en el medio rural y a la regulación de aprovechamientos y repoblaciones forestales*, e da *Lei 9/2002, de 30 de decembro*, das súas **obrigas legais** consistentes en **manter completamente limpas as parcelas de biomasa vexetal**, asegurar que as faixas de especial protección se atopen libres de vexetación consonte coa normativa existente, manter limpos de vexetación os viais de titularidade privada, así como as zanxas, e colaborar coas administracións competentes en materia de prevención e extinción de incendios forestais e de protección civil.

O art. 21 do Decreto 105/2006 establece **faixas de especial protección** naqueles terrenos adicados a monte e as áreas colindantes, conforme el artigo 44.3º de la Lei 43/2003, de 21/11, de montes, que comprenden:

1. A totalidade das parcelas que se atopen, fora do monte, a unha distanza inferior a 25 metros do seu perímetro
2. A totalidade dos terreos forestais, rasos ou arbolados, que se sitúen, dentro do monte, a unha distanza inferior a 10 metros do seu perímetro.
3. Unha faixa de 25 metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transporte, ubicadas a menos de 400 metros do monte.

Infórmase que os servizos municipais realizarán **labores de inspección co obxecto de comprobar o cumprimento de ditas obrigas**, advertindo que o seu incumprimento será constitutivo das infraccións previstas na Lei 43/2003, de montes (= sanción de 100 a 1000 euros) e de multas coercitivas reiterables mensualmente ata o cumprimento de ditas obrigas de 300 a 6.000 euros (Lei 9/2002, de 30 de decembro), sen prexuízo de que este Concello poda optar á execución dos traballos de limpeza das parcelas e posteriormente reclamarlle o custe do servizo ao seu propietario/arrendatario.

O que se fai público para xeral coñecemento

En Gondomar, a 11 de xuño de 2014

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo: Fernando Guitián Guitián

